



## CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
SECRETARÍA

### JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

**CERTIFICO:** Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 21/09/2021 acordou:

#### 7. PRÓRROGA POR UNHA ANUALIDADE DO CONTRATO DE SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NA XMU. EXPTE. 12709/407.

##### Antecedentes:

O 30/08/2021 a técnica de admón. xeral, co conforme do xefe dos Servizos Centrais, do xerente de Urbanismo, do secretario da Xerencia e do interventor xeral do Concello de Vigo, emite o seguinte informe:

“Redáctase o presente informe de conformidade e en cumprimento do establecido pola Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), e demais normativa en materia de contratación, xunto co Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, subscribindo, pola súa sinatura, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

##### I. ANTECEDENTES.

O Consello da Xerencia, en sesión ordinaria do 13 de outubro de 2020, acordou:

*“Adxudicar o contrato de subministro de gasóleo tipo C para calefacción nas instalacións do edificio sede da XMU, á entidade GASÓLEOS AMIGO S.L, con CIF B36736049, cuxa oferta é a mellor clasificada, cun desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo dun 0,35%, cunha duración dunha anualidade prórroga, de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo do Consello da Xerencia e da oferta presentada no expediente 12709/407.*

*A formalización da presente contratación efectuaráse mediante a sinatura de aceptación polo contratista do acordo de adxudicación, de conformidade co sinalado na letra g) do artigo 159.6 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público.”*

Como data de inicio da prestación estableceuse o 1 de novembro de 2020, cunha duración dun ano dende a dita data, de conformidade co recollido no apartado 4 do Anexo I do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, que establece a posibilidade de catro prórrogas de carácter anual.

Con data 25 de agosto de 2021, polo funcionario xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, e responsable do contrato designado polo órgano de contratación mediante acordo de data 22 de setembro de 2020, emítese informe-proposta para a prórroga do contrato do subministro de material de oficina consumible na XMU, no que se sinala:

*“...Tendo en conta as funcións que como responsable do contrato me outorga o artigo 62 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico*



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 27/09/2021 14:20	Páxina 1 de 4
EXPEDIENTE 12709_407	CSV: 258DA3-BCB533-5H8F3E-KVPNGC-YN3FZX-EH	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



## CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
SECRETARÍA

*español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares na súa cláusula 1, como a realización da proposta ao órgano de contratación das revisións de prezos, as modificacións contractuais e as prórrogas do contrato, e tendo en conta a non existencia de incidencias salientables na execución da prestación nin variacións na configuración do subministro que precisen dunha nova licitación, cómpre a realización da tramitación necesaria para levar a cabo a formalización da prórroga do contrato asinado.”*

Consta aviso previo da prórroga (número de saída 11888-2021) realizado a entidade GASÓLEOS AMIGO S.L, mediante posta a disposición na sede electrónica en data 27 de agosto de 2021, con recepción pola entidade na mesma data.

### II. NORMATIVA DE APLICACIÓN.

A normativa de aplicación neste procedemento é a seguinte:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), especialmente os artigos 116 e 117.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (RGLCAP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCAP).
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do subministro de gasóleo tipo C para calefacción nas instalacións do edificio sede da XMU.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (versión consolidada publicada no Boletín Oficial de Pontevedra núm. 193 de data 6 de outubro de 2010).

### III. FUNDAMENTOS DE DEREITO.

#### 1.- Posibilidade de prórroga:

O contrato obxecto da presente prórroga sométese á regulación establecida pola LCSP, que no seu artigo 29.2 da LCDSP, recolle a posibilidade de que o contrato poda prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezcan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que se podan introducir de conformidade co establecido nos seus artigos 203 a 207.

A prórroga será acordada polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se realice alo menos con dous meses de antelación ao remate do prazo de duración do contrato, salvo que o prego de rexe a contratación estableza un maior, quedando exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración sexa inferior a dous meses.

Esta posibilidade é recollida pola cláusula 7 do PCAP, e dado que non consta nin petición nin oposición por parte do adxudicatario, a prórroga tramítase a instancia desta Xerencia Municipal de





## CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
SECRETARÍA

Urbanismo, toda vez que o subministro vense prestando adecuadamente e conforme coas condicións estipuladas e que existe crédito adecuado e suficiente.

A prórroga do contrato esixe que as súas características permanezan inalterables durante a súa vixencia e que a concurrencia para a súa adxudicación fose realizada tendo en conta a duración máxima do contrato, incluídos os periodos de prórroga.

Polo tanto, estamos ante unha continuidade da contratación e non ante un novo contrato, polo que, previamente a súa formalización, se esixe aviso previo ao contratista, acordo do órgano de contratación, así como a correspondente tramitación presupuestaria, sen que se teña que aportar novamente a documentación esixida para a licitación e adxudicación do contrato, por non tratarse a prórroga dunha relación xurídica distinta.

### 2.- Existencia de crédito adecuado e suficiente:

Achéganse no expediente os documentos contables, que informan da existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 1510.2210300.

### 3.- Informes xurídico e de fiscalización:

Conforme ao previsto na Disposición adicional 3ª da LCSP, na tramitación da prórroga do contrato deberá incorporarse informe xurídico ao expediente. Igualmente, de conformidade co previsto no artigo 214 do R.D. Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e pola propia disposición adicional terceira da LCSP constará no presente expediente informe de fiscalización favorable asinado polo Interventor xeral.

### 4.- Órgano competente:

A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle ao Consello da Xerencia de conformidade co artigo 10. 2. h) dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (versión consolidada publicada no Boletín Oficial de Pontevedra núm. 193 de data 6 de outubro de 2010).

De conformidade cos antecedentes de feito e fundamentos de dereito citados, unha vez verificado que se cumpren os requisitos establecidos na normativa que resulta de aplicación e se emitan os correspondentes informes xurídico e de fiscalización, procede propoñer ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, competente conforme ao artigo 10º.2.h) dos vixentes Estatutos (BOP de 6 de outubro de 2010), a adopción do seguinte...”

### **Votación:**

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: 1 voto do concelleiro non adscrito Sr. Pérez Iglesias.

A FAVOR: 9 votos: 1 do PP: Sr. González Castillo, 1 do Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa e 7 do PSOE: Sres. Rodríguez Díaz, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.





## CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO  
SECRETARÍA

### Acordo:

O Consello, conforme ao cómputo de votos establecido na sesión constitutiva de data 11/07/2019, acorda elevar o presente expediente á Xunta de Goberno Local para a súa resolución.

Primeiro.- Prorrogar o contrato de subministro de gasóleo tipo C para calefacción nas instalacións do edificio sede da XMU polo período dun ano dende o vindeiro 1 de novembro de 2021, de acordo coas condicións fixadas no acordo de adxudicación de data 13 de outubro de 2020, á entidade GASÓLEOS AMIGO S.L, con CIF B36736049, cun desconto sobre o prezo de referencia do gasóleo dun 0,35%, segundo os pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo do Consello da Xerencia e a oferta presentada.

Segundo.- Aprobar o gasto correspondente á primeira prórroga do contrato suscrito coa entidade GASÓLEOS AMIGO S.L., por un importe total de cinco mil oitocentos setenta e nove euros con noventa e seis céntimos (5.879,96€) (IVE incluído), na partida 1510.2210300, desengrosando a dita cantidade nun importe de catro mil oitocentos cincuenta e nove euros con corenta e sete euros (4.859,47€), ao que corresponde un IVE aplicable (21%) de mil veinte euros con corenta e nove céntimos euros (1.020,49€).

Terceiro.- Publicar o presente acordo no Perfil do Contratante do órgano de contratación.

Cuarto.- Notificar o presente acordo á entidade adxudicataria, indicándolle que contra a presente resolución poderase interpoñer, potestativamente, recurso de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, contados en ambos casos dende o día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de calquera outro recurso que estime pertinente.

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e prace da Sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU  
María José Caride Estévez

